

CONVOCATORIA REDES DE INVESTIGACIÓN COOPERATIVA ORIENTADAS Á RESULTADOS EN SAÚDE (RICORS)2024

O Instituto de Saúde Carlos III (ISCIII) publicou a convocatoria de concesión de subvencións para [Redes de Investigación Cooperativa Orientadas á Resultados en Saúde \(RICORS\) para o ano 2024](#) , no marco da Acción Estratéxica en Saúde. Esta convocatoria pretende dar continuidade ao impulso á investigación cooperativa mantido nas convocatorias anteriores.

As Redes de Investigación Cooperativa Orientadas a Resultados en Saúde (RICORS) son estruturas constituídas por un conxunto de grupos de investigación que teñen un obxectivo de investigación común, concreto e alcanzable. Ditos grupos de carácter multidisciplinar pertencen a un conxunto variable de centros de investigación en biomedicina, dependentes das diferentes Administracións públicas ou do sector privado e pertencentes a un mínimo de dez Comunidades Autónomas.

Con esta nova convocatoria, financiaranse redes nas mesmas temáticas de anos anteriores, formadas polos participantes nas xa existentes ou con novos grupos e institucións, para avanzar na vertebración da investigación cooperativa en saúde.

A finalidade das RICORS é:

- a) Promover a investigación orientada a resultados en saúde mediante a coordinación do tecido investigador no ámbito do SNS en torno a un obxectivo de investigación concreto e definido, de utilidade específica para o conxunto da cidadanía.
- b) Vertebrar a I+D+i entre grupos de investigación procedentes de diferentes Comunidades Autónomas orientando a súa actividade investigadora cara a obxectivos comúns que permitan a obtención de resultados trasladables á poboación.

As propostas deberán referirse a unha das áreas temáticas seguintes:

- **Atención Primaria, cronicidade e promoción da saúde,** incorporando enfermidades crónicas e multimorbilidade, promoción da saúde con perspectiva de xénero, investigación en implementación, saúde materno-infantil e adiccións;
- **Inflamación e inmunopatoloxía de órganos e sistemas,** incorporando atención a enfermidades non transmisibles do sistema inmunitario;
- **Enfermidades renais**
- **Terapias avanzadas,** incluíndo terapia celular e terapia xénica;
- **Enfermidades vasculares cerebrais.**

A duración da actuación é de tres anos.

Na actualidade, existen 7 Redes de Investigación Cooperativa Orientadas a Resultados en Saúde.

- Rede de investigación en atención primaria de adiccións (**RIAPAd**)
- Rede de investigación en cronicidade, atención primaria e promoción da saúde (**RICAPPS**)
- Enfermidades inflamatorias

LIGAZÓNS ASOCIADAS

Concocatoria
Redes de
Investigación
Cooperativas
Orientadas á
resultados en
Saúde
(RICORS)2024

Extracto
Convocatoria
RICORS 2024

Fichas Resumen
Convocatoria
RICORS 2024

- RICORS2040 (KIDNEY DISEASE)

- RICORS-ICTUS

- RICORS TERA V

- "Primary care interventions to prevent maternal and child chronic diseases of perinatal and developmental origin" (RICORS-SAMID)

Acceso ás páxinas Web destas Redes, dispoñible [eiquí](#)

A contía total máxima de esta convocatoria é de 30.000.000,00 de euros.

O prazo de presentación de solicitudes é dende o **1 de agosto ata o 19 de setembro de 2024 ás 15 horas**(hora peninsular española).

No lateral dereito dispoñedes dun acceso á resolución ,ao extracto da resolución e as fichas resumo da convocatoria.